



SAL. 001824 26.02.15 08:52

Resolución pola que se publica a **listaxe de espera definitiva** da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (análise elemental) grupo III, quenda de acceso libre.

Rematado o prazo de reclamacións previsto na resolución reitoral do 16 de decembro de 2014, pola que se publicaba a proposta provisional de listaxe de espera da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (análise elemental) grupo III, quenda de acceso libre derivada do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 4 de decembro de 2013, unha vez contestada a reclamación recibida, **resolvo**:

Elevar a definitiva a listaxe de espera da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (análise elemental) grupo III, quenda de acceso libre, segundo se indica no anexo.

A listaxe definitiva queda constituída coas persoas aspirantes que, superando todos os exercicios da fase de oposición non acadaron praza e que xa foron baremadas polo tribunal, de acordo co establecido no segundo parágrafo do punto 1 do bloque V dos criterios de xestión de listaxe de espera, ás que lle seguen as que figuraban na listaxe provisional publicada o día 17 de decembro de 2014.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

O reitor,  
  
M. Vialón Rey

TABOLEIROS: Reitoría, Vicexerencia Campus Lugo e páxina Web do Servizo de Planificación e Programación de PAS.

Anexo I: listaxe de espera definitiva da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (análise elemental) Grupo III. Acceso libre

Número de orde	Apelidos e nome	DNI	Número exercicios superados	Puntuación total
1	Pérez Vázquez, Jaime	44448575V	3	50,53
2	Gómez Sieiro, José	76931743D	3	50,12
3	Filgueiras Rodal, Ana Virginia	36116219D	3	45,67
4	Pérez Llaguno, M <sup>a</sup> del Carmen	09382140A	1	33,10
5	Miramontes Rey, Silvia	44806542N	1	30,70
6	López Valín, María del Pilar	33859151T	1	28,70
7	Parga Ures, Eladio	32806014X	1	28,47
8	Blas Rodríguez, Carmen	53164563V	1	27,20
9	Seijas Vázquez, Eva María	33550201D	1	23,20
10	Martí González, Iago	44462227F	1	20,33